



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO
CFP/cvr
Refº: 17x110090114
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-3-2017

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o oito de marzo de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo:

9/114 CONTRATO DE SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL, FIXA E CONEXIÓNS DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO”. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 25/01/2017 ATA O 24/01/2019.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 1 de febreiro de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Contrato administrativo correspondente ao SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL, FIXA E CONEXIÓNS DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO asinado entre o Concello de Lugo e a mercantil UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U-TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. (UTE TdE-TME CCXXII), o 25 de xaneiro de 2013 .

A cláusula terceira do contrato establece que “A duración deste contrato será de CATRO ANOS contados a partir da formalización do contrato administrativo prorrogable por mutuo acordo das partes por outros dous anos máis ata un prazo máximo total de seis anos”

2.- Solicitud de prórroga presentada pola empresa contratista en data 20 de decembro de 2016 xunto coas certificacións positivas en vigor da AEAT e da Seguridade Social.

3.- Informe emitido polo analista programador do Servizo de Informática responsable do contrato en data 23 de xaneiro de 2017 sobre a conveniencia e necesidade de prorrogar o contrato por outros dos anos máis.

4. - Informe de Tesourería do 31 de xaneiro de 2017 de non existencia de débedas tributarias municipais

5.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 92002.22200 do Orzamento Municipal de 2017 por importe de 177.870 euros (RC 5644)

Cómpre salientar que este expediente de prórroga iníciase con anterioridade ao vencemento da duración inicial xa que se solicita pola empresa contratista e se informa favorablemente polo responsable do contrato antes da finalización do prazo de duración (25.01.17), polo que se evidencia a vontade de continuar coa prestación do servizo nos termos pactados no contrato. Non obstante, e a pesar disto, o certo é que a decisión sobre a prórroga do contrato, de adoptarse esta polo órgano municipal competente, se adoptará unha vez vencido o dito contrato.

Non obstante, cómpre realizar unha reflexión de en qué medida este defecto formal consistente – para o caso de adoptarse a prórroga fóra do prazo - nunha actuación fóra do prazo pode implicar un vicio que invalidaría o acto administrativo. O artigo 63.3 da LRXPAC establece “A *realización de actuacións administrativas fóra do*



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: lzLrKzm4CX4wLQVVRURnNw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO


MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 1 / 4

DATAS(UTC)

16/03/2017 08:33:36

16/03/2017 08:33:35



ACTAS E GOBERNO

CFP/cvr

Refª: 17x110090114

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-3-2017

tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo”.

Sendo evidente o interese municipal e particular en continuar a prestación deste servizo manifestada tanto na solicitude do contratista como nos informes emitidos con anterioridade ao vencemento do contrato, parece excesivamente rigorista - a xuízo dos que subscriben- concluir que esta prórroga puidera ser irregular, sen prexuízo doutro mellor criterio contrario.

Así o entendeu a Xunta Consultiva da Comunidade Autónoma de Aragón en informe 11/2011 que, entre outras cuestións, di:

“VI. Consecuencias jurídicas de adjudicar el contrato, una vez transcurrido el plazo de los cinco días a que se refiere el artículo 135.3 LCSP.

*La regla general es que, la infracción por la Administración de los plazos establecidos en las normas, no constituye más que una **irregularidad no invalidante**. En este sentido, el artículo 63.3 LRJPAC establece que: «La realización de actuaciones administrativas, fuera del tiempo establecido para ellas, sólo implicará la anulabilidad del acto, cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo». La misma regla, se aplica a las actuaciones judiciales realizadas fuera de tiempo, que sólo podrán anularse si lo impusiera la naturaleza del término o plazo —artículo 242 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y artículo 229 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil—.*

La potestad de adjudicación del contrato no se halla sometida a ningún tipo de plazo preclusivo, o régimen de caducidad, por ello, el transcurso del plazo de su ejercicio no implica la invalidez de su actuación.

*El plazo que fija el artículo 135.3 LCSP, no es un plazo esencial, pues **concorre un interés público más intenso —la satisfacción del concreto interés público al que se dirige la prestación que constituye el objeto del contrato—, que justifica que el tiempo —el plazo de cinco días hábiles—, no comporte relevancia alguna en el ejercicio de la potestad administrativa, pues, en otro caso, podrían quedar afectados los intereses generales a los que sirve la potestad de contratación**. Sin perjuicio del derecho de los licitadores a retirar su proposición si no se produce la adjudicación, en la forma prevista en el artículo 145.4 LCSP.”*

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no apartado 3 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo número 3/2011, do 14 de novembro.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma.



CSV: lzLrKzm4CX4wLQVVRURnNw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 2 / 4

DATAS(UTC)

16/03/2017 08:33:36

16/03/2017 08:33:35



Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e a Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo do SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL, FIXA E CONEXIÓNS DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO subscrito por este Concello e a mercantil UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U-TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. (UTE TdE-TME CCXXII) con CIF U 86602083 dende o 25 de xaneiro de 2017 ata o 24 de xaneiro de 2019 con base nos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos para os efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato subscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 177.780 euros para facer fronte á prorroga dende o 25.01.17 ata o 31.12.17 con cargo á aplicación 92002.22200 do orzamento municipal de 2017 (RC 5644) e comprometerse a habilitar crédito necesario para facer fronte aos gastos derivados do contrato no exercicio 2018 e 2019.


TERCEIRO.- Darlles traslado desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas. Contra a dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

CUARTO.- Este acordo, que pon fin á vía administrativa, seralles notificado ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Malia o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten



ACTAS E GOBERNO

CFP/cvr

Refª: 17x110090114

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-3-2017

da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e o do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



CSV: lzLrKzm4CX4wLQVVRURnNw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 4 / 4

DATAS(UTC)

16/03/2017 08:33:36

16/03/2017 08:33:35